

Área de saúde	Zona farmacéutica (habitantes)	Parroquias	Habitantes	% Habitantes zona farmacéutica	Centros sanitarios	Oficinas farmacia abertas	Oficinas farmacia novas	Criterio delimitación territorial	
		Riofrío (San Miguel) Sabaxáns (San Mamede) Toutón (San Mateo) Vilar (San Mamede) Vilasobroso (San Martiño)	598 416 390 301 380	11,24 7,82 7,33 5,66 7,14			1	Parroquia sen oficina de farmacia	
Vigo	Nigrán (16.894)	Camos (Sta. Baia) Chandebrito (San Xosé) Nigrán (San Fiz) Panxón (San Xoán) Parada (Santiago) Priego (San Mamede) A Ramallosa (San Pedro)	1.381 503 3.314 3.786 1.113 2.205 4.592	8,17 2,98 19,62 22,41 6,59 13,05 27,18		1 1 1	1	Ratio poboación/farmacia > 25% que parroquias sen farmacia	
Vigo	Ponteareas (21.049)	Angoares (San Pedro) Arcos (San Breixo) Areas (Sta. María) Arnoso (San Lourenzo) Bugarín (Sta. Cristina) Celeiros (San Fins) Cristiñade (San Salvador) Cumiar (San Estevo) Fontenla (San Mamede) Fozara (San Bartolomeu) Xinzo (Sta. Mariña) Guillade (San Miguel) Guláns (San Xulián) Moreira (San Martiño) Nogueira (San Salvador) Oliveira (San Lourenzo) Oliveira (San Mateo) Oliveira (Santiago) Padróns (San Salvador) Paredes (San Cibrán) Pias (Sta. Mariña) Prado (San Nicolao) Ponteareas (San Miguel) Ribadetea (San Xurxo)	482 445 1.091 269 449 222 379 173 288 386 1.229 519 814 675 195 132 594 302 700 63 463 212 10.079 888	2,29 2,11 5,18 1,28 2,13 1,05 1,80 0,82 1,37 1,83 5,84 2,47 3,87 3,21 0,93 0,63 2,82 1,43 3,33 0,30 2,20 1,01 47,88 4,22			1	2	Ratio poboación/farmacia > 25% que parroquias sen farmacia
Vigo	Redondela (29.732)	Cabeiro (San Xoán) Cedeira (Santo André) Cesantes (San Pedro) Chapela (San Fausto) Negros (Santo Estevo) Quintela (San Mamede) Reboreda (Santa María) Redondela (Santiago) Saxamonde (San Román) Trasmañó (San Vicente) Ventosela (San Martiño) Vilar de Infesta (San Martiño) Viso, O (Santa María)	734 2.099 3.420 7.696 517 694 2.252 7.085 797 1.050 719 1.208 1.461	2,47 7,06 11,50 25,88 1,74 2,33 7,57 23,83 2,68 3,53 2,42 4,06 4,91		1 3	1	Parroquia sen oficina de farmacia Ratio poboación/farmacia > 25% que parroquias sen farmacia	
Vigo	Rosal, O (5.992)	Eiras, As (San Bartolomeu) Rosal, O (Santa Mariña) San Miguel de Tabagón (San Miguel) Tabagón (San Xoán)	230 4.126 1.033 603	3,84 68,86 17,24 10,06	1 1	2	1	Ratio poboación/farmacia > 25% que parroquias sen farmacia	
Vigo	Salceda de Caselas (6.835)	Entenza (Santos Xustos e Pastor) Parderrubias (San Tomé) Picoña, A (San Martiño) Santa María de Salceda (Santa María) Santo Estevo de Budiño (Santo Estevo) San Xurxo de Salceda (San Xurxo) Soutelo (San Vicente)	659 974 527 2.798 630 798 449	9,64 14,25 7,71 40,94 9,22 11,68 6,57			1	Parroquia sen oficina de farmacia	

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Corrección de erros.-Orde do 9 de maio de 2006 pola que se aproban os modelos de carteis indicativos da promoción de vivendas de protección autonómica e actuacións de rehabilitación.

Advertidos erros na Orde do 9 de maio de 2006 pola que se aproban os modelos de carteis indicativos

da promoción de vivendas de protección autonómica e actuacións de rehabilitación, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

Dentro do modelo número 1 publícase ademais o seguinte cartel, omitido por erro, para as vivendas de protección autonómica de promoción pública. E o modelo número 2 para as vivendas de protección autonómica de promoción privada substitúese polo que aquí se publica.

9 A



8 A

**Vivendas de Protección Autonómica
Promoción Pública**

A

Obra

Expediente número

Dirección facultativa

A / 3

Comezo

Remate

Contratista

A / 3

Orzamento



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO



MINISTERIO DE VIVIENDA
Plan Estatal de Vivienda 2001-2004

Cartel identificador de obra de vivenda de protección oficial. Promoción pública.

Formato

Os carteis están deseñados en base a unha retícula de 12 x 25 cadrados, na cal "A" é o lado do cadrado. Valor real de A = 10 cm. Se o texto informativo fora máis longo que o do exemplo, engadíriase un módulo ó alto por liña de texto necesaria.

Símbolo

Versión do símbolo para 3 tintas coa medida que se indica no esquema.

Logotipos

Logotipos centrados

Tipografía

Textos informativos en Interstate regular / bold.

Cores

Pantone 375 CVU
Pantone Process Cyan CVU
Pantone 2935 CVU

Cor de fondo do cartei: branco. A retícula só ten carácter orientativo.

A aplicación dos logotipos dos organismos seguirá as pautas da súa propia imaxe corporativa.

4 A

9 A



8 A

**Vivendas de Protección Autonómica
Promoción Privada**

A

Obra

Expediente número

Promotor

A / 3

Dirección facultativa

Comezo

Remate

A / 3

Contratista

Cartel identificador de obra de vivienda de protección oficial. Promoción privada.

Formato

Os carteis están deseñados en base a unha retícula de 12 x 25 cadrados, na cal "A" é o lado do cadrado. Valor real de A = 10 cm. Se o texto informativo fora máis longo que o do exemplo, engadiríase un módulo ó alto por liña de texto necesaria.

Símbolo

Versión do símbolo para 3 tintas coa medida que se indica no esquema.

Logotipos

Logotipos centrados

Tipografía

Textos informativos en Interstate regular / bold.

Cores


Pantone Warm red CVU
Pantone Process Cyan CVU
Pantone 2935 CVU

Cor de fondo do cartel: branco. A retícula só ten carácter orientativo.

A aplicación dos logotipos dos organismos seguirá as pautas da súa propia imaxe corporativa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO



4 A

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 19 de setembro de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co establecido na disposición transitoria do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, se fan públicas as listas provisionais para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, resultantes da adaptación a este de determinadas listas elaboradas no seu día ao abeiro do Decreto 217/2003, do 11 de abril.

Efectuada a adaptación prevista na disposición transitoria do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG nº 48, do 9 de marzo), de determinadas listas elaboradas no seu día ao abeiro do Decreto 217/2003, do 11 de abril, unha vez que a comisión permanente central acordou na súa xuntanza do día 11 de setembro deste ano elevar a este centro directivo as listaxes correspondentes e de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, a Dirección Xeral da Función Pública

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisionais para a contratación temporal de persoal laboral correspondentes aos grupos e categorías que se inclúen no anexo I a esta resolución, coa indicación das puntuacións provisionais resultantes da aplicación do baremo establecido no artigo 9 do Decreto 37/2006.

Segundo.-As listas atópanse expostas nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén pode descargarse da páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

As listas están expostas na forma que se indica a continuación:

-Solicitantes admitidos na lista con indicación da puntuación provisional.

-Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión e a súa puntuación provisional.

Terceiro.-Os/as interesados/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para formular as oportunas alegacións que

irán dirixidas á Comisión Permanente Central da Dirección Xeral da Función Pública, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela.

Ás ditas alegacións xuntaráselles, de ser o caso:

-Documentación que emende a causa de exclusión.

-Diploma ou certificado que acredite, segundo proceda, o grao de iniciación ou perfeccionamento de galego no suposto de figurar na columna de observacións sen acreditar este.

-Certificación de servizos prestados na Xunta de Galicia para o mesmo grupo e categoría, segundo o modelo que figura como anexo II a esta resolución, que deberá ser expedida polas unidades seguintes:

* Servizos centrais: secretaria/o xeral, subdirectora/r xeral ou xefas/es de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral da consellería respectiva ou dos seus organismos autónomos onde estea a prestar servizos ou onde os prestou por última vez.

* Servizos periféricos: secretarías/os ou, de ser o caso, funcionaria/o responsable da área de persoal das delegacións/direccións territoriais, provinciais ou comarcais da consellería respectiva ou dos seus organismos autónomos onde estea a prestar servizos ou onde os prestou por última vez.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido anteriormente.

Unha vez transcorrido o prazo citado, se é o caso, levaranse a efecto as emendas procedentes, dándosele a oportuna publicidade, mediante a publicación da resolución coas puntuacións definitivas no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Para os efectos de realizar, se é o caso, os chamamentos vía telefónica tomarase, salvo manifestación por escrito en contrario das/dos interesados, como teléfono de contacto o que as/os integrantes das listas fixeron constar na instancia inicial. De figurar varios, utilizarase exclusivamente o correspondente ao teléfono móbil e, caso de non existir, o primeiro que figure na instancia correspondente a un teléfono fixo.

No suposto de que as/os interesadas/os figuren na listaxe coa observación «sen teléfono de contacto» deberán achegar o dito dato no prazo de reclamacións utilizando para iso o modelo que figura como anexo III a esta resolución.

Quinto.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públi-